



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 27 DE XULLO DE 2010

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/69/2010.- Sonia Díaz Rico.- Vivenda unifamiliar no lugar de A Muiña, V 5.1 – SUNP 5.

Lic/70/2010.- Francisco Díaz González.- Vivenda unifamiliar no lugar de A Muiña V 5.1 – SUNP 5.

Lic/1647/2007 e Lap/204/2008.- Winterra Inmobiliaria.- Legalización das modificacións executadas no inmoble sito na rúa de Amio Parcela 23 B. Zona A.

Lic/2351/2009.- José Antonio Pazos Lameiro.- Modificación da licenza concedida por acordo da Comisión de Goberno de 17 de xuño de 2002, para rehabilitación do edificio de vivendas na rúa de San Pedro nº 6” modificado.

Lic/2289/2009.- Inmobiliaria Paxonal, S. L.- Edificio de dous sotos, baixo comercial, dúas prantadas de piso para 5 vivendas e baixo cuberta na rúa Monte do Seixo nº 7.

Lic/329/2010.- Sociedade Cooperativa Galega A Muiña.- Dúas vivendas unifamiliares pareadas de realxo na parcela U.E.R.-V3 do SUNP-5 de A Muiña.

Lic/2429/2007.- Construcciones Fontenla, S. A.- Edificio de 12 vivendas, local comercial, garaxe e trasteiros na rúa Curros Enríquez nº 9.

AUTORIZACIÓN EN SOLO RÚSTICO.-

Lic/363/2010 e Lap/60/2010.- Gervasio Marcos Rey.- Execución de aparcamento para caravanas e autocaravanas no lugar de Liñares de Arriba – Roxos – Villestro.

PRÓRROGA.-

Lic/1629/2010.- Urban Mahía, S. L.- Edificio de 142 vivendas en dous bloques, locais comerciais e trasteiros, nas parcelas 1 A, 1B, 2A e 2B dos quinteiros 6 e 7 do polígono 2 do SUP-5 da Choupana.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

Lic/1654/2010.- Marcos Antonio Martínez Torea.- Expte. Lic/2362/2006
1.500 €.-

Lic/1633/2010.- José Antonio Riveiro Codesido.- Expte. Lic/2035/2007
..... 1.500 €.-

OCIHR

LICENZAS.-

LIC/920/2010.- D. JOSÉ MARÍA REY TOJO.- Substitución de cuberta e arranxo de fachadas na rúa de San Pedro nº17.

LIC/1403/2010.- D. MANUEL JESÚS ENJO VÁZQUEZ.- Execución dunha nova cuberta no edificio sito na rúa de Sar nº26.

LIC/2642/2008.- CONSORCIO DE SANTIAGO.- Construción dun edificio para o Museo de Historia Natural “Luis Iglesias” na rúa das Salvadas (Parque de Vista Alegre).

6.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas de carácter social.

7.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Acórdase o cambio de titularidade dunha axuda para elementos especiais de madeira. Apróbanse inicialmente 4 axudas para locais comerciais, por un total de 24.040,48 euros e, definitivamente, para outro local, por 5.998,01 euros. Tamén se aproban tres solicitudes de pagamento de axudas para elementos especiais de madeira, por un total de 6.886,11 euros, e unha axuda para honorarios facultativos pola redacción do informe sobre o estado de conservación do edificio e o plan de mantemento, por importe de 3.287,74 euros. Finalmente,

apróbase a aceptación do desestimento dunha axuda ao abeiro do programa de mantemento da envolvente exterior e elementos comúns interiores dos edificios da Cidade Histórica.

8.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación da inscrición dunha sociedade no Rexistro Técnico de Rehabilitación como empresa homologada.

Apróbase a inscrición no devandito rexistro da empresa VIGUESA DE EDIFICACIONES, S.L.

9.- Solicitud de transmisión da licenza de autotaxi núm. 68.

Autorízase a devandita transmisión.

10.- Solicitud de cambio de titularidade da licenza municipal de autotaxi núm. 125.

Autorízase o devandito cambio de titularidade.

12.- Expedientes en materia de contratación.

- Acórdase a convalidación do prazo do contrato de reurbanización no espazo público da calzada de Santo Antonio, subsanando os defectos formais detectados na tramitación administrativa. E dado que a empresa incumpríu o prazo de execución por causas que lle son imputables, impónense as penalidades establecidas no prego de cláusulas a razón de 1 €/día/1000 € do prezo do contrato, o que supón un importe de 17.309,76 €.
- Apróbase o proxecto redactado polos arquitectos do servizo municipal de proxectos e o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a contratación de obras de saneamento e bombeo de augas residuais en Sarela de Abaixo, por procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 350.246,54 euros (IVE incluído).
- Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e de prescripcións técnicas así como o inicio do expediente para a contratación do servizo de vixilancia das instalacións da UMAD por procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 40.794,19 euros (IVE incluído).
- Acórdase prorrogar por tres semanas o contrato para a execución das obras incluídas no proxecto de reurbanización dos contornos urbanos de acceso á Cidade de Santiago (Avenida de Castelao).
- Apróbase o proxecto redactado polos arquitectos municipais da Oficina de Rehabilitación, así como a adxudicación dos traballos obxecto do contrato de obras de mantemento de pavimento en diversas zonas da cidade histórica á empresa CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA, SL, por un importe total de 55.000 euros (IVE incluído).

13.- Acordo de exposición pública do Convenio urbanístico de execución da Modificación puntual do PERI-5 e do Plan parcial do SUNP-6 de San Lázaro, asinado o 9 de xullo de 2010.

Acórdase someter a información pública o devandito convenio por un prazo de 20 días.

14.- Aprobación definitiva da conta de liquidación definitiva do Proxecto de reparcelación do polígono 14-15-17-18-19 do PERI-7. Ponte Pedriña.

Apróbase definitivamente a devandita conta de liquidación, sen modificacións respecto da aprobada inicialmente, por un importe total de 2.411.047,30 euros.

16.- Dar conta da concesión ao Concello dunha subvención polo Instituto Nacional de Administración Pública para o financiamento do Plan de Formación Continua 2010.

Dáse conta da concesión dunha subvención de 22.613 euros.

17.- Dar conta da resolución provisional da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se concede subvención ao Concello para o cofinanciamento do programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario escolar nos Concellos de Galicia. Ano 2010.

Dáse conta da concesión de 32.801,44 euros dos 152.152,81 euros solicitados.